



XA CHEGOU A PRIMAVERA...NO ANO INTERNACIONAL DA ASTRONOMÍA HAI MOITAS INICIATIVAS PARA ACHEGARSE AO CEO, APUNTASTE AO QUE IMOS FACER NÓS?

O día 20 de marzo ás 11,44 UTC (12:44 hora local) comeza a primavera no Hemisferio Norte. É un dos dous días do ano en que o Sol sae exactamente polo leste e se pon xusto polo oeste. Temos celebración astronómica: o equinoccio, ou mesma duración do día e da noite. Os raios de Sol inciden de forma perpendicular no ecuador terrestre. O mesmo ocorre en setembro co equinoccio de Outono.

En plena celebración do Ano Internacional da Astronomía, o Planetario da Casa das Ciencias organiza, en colaboración coa Asociación de Amigos da Casa das Ciencias e a Agrupación Astronómica IO, un curso de iniciación á astronomía que se celebrará do 23 ao 26 de marzo. Este curso práctico dirixese a persoas sen coñecementos previos na materia que desexen aprender a gozar da astronomía a simple vista. Xa está aberto o prazo de inscrición, o horario é de 19,30 a 21,30, pódete informar no teléf. 981189844. Os asistentes adquirirán coñecementos para recoñecer os planetas, estrelas e constelacións máis destacados, e interpretar os seus movementos no firmamento. Tamén se mostrará o uso de prismáticos e pequenos telescopios para descubrir obxectos de ceo profundo, sen esquecer unha referencia aos últimos achados científicos sobre o Universo. Se as condicións o permiten, o último día do curso realizarase unha saída nocturna para ver o firmamento.

O mes de marzo é o mellor mes do ano para localizar a gran maioría dos obxectos de ceo profundo do Catálogo Messier, e sempre terás posibilidade de atopar alguén que che ensine a ver no ceo...ata onde ti queiras chegar, na agrupación IO hai xente moi xenerosa e sabedora.

O venres 3 de Abril as 9h da mañá, vai vir o Presidente da Agrupación Astronómica IO, ao instituto. No salón de actos fará unha interesante invitación aos que queiran ir gozar do ceo. Vai dirixido a aquel grupo de alumnado que se sintan atraído pola beleza do ceo. E previamente pasou pola Secretaría do centro a apuntarse nesta actividade. Oscar na 1ª media hora dará unha charla xenérica do que podemos ver no ceo, cunhas fotografías moi bonitas que el mesmo fai. Na seguinte media hora ensinará como manexar o programa gratuito Stellarium, como enténdelo, e como orientarse no ceo para pasar da pantalla plana do ordenador a bóveda celeste real. Para @s que queden con ganas de ver ao sur a Orión xa moi baixiño, seguido de Sirius no Can Maior, e Proción no Can Menor, a Saturno na constelación de Leo...estades de sorte!, porque durante o fin de semana do 2 ao 5 de abril en todo o planeta vaíse a poñer a disposición de toda a xente que o desexe, a activa divulgación de todas as asociacións de Astronomía : info@eurocosmos.net